



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO e CONTRATACIÓN



Número

57

/2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O IMPULSO DA FORMACIÓN E DO COÑECEMENTO EN GOBERNANZA LOCAL

Na Coruña a 12 de Xuño de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada pola súa Presidencia, Don Valentín González Formoso, asistido polo Secretario xeral, Don Miguel Iglesias Martínez, en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, a Universidade de Santiago de Compostela, con NIF Q1518001A, representada pola Reitora Magnífica da Universidade de Santiago de Compostela, Dona Rosa Crujeiras Casais, actuando en nome e representación da devandita Universidade en exercicio das competencias que lle son atribuídas polos seus Estatutos.

As partes comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

MANIFESTAN

I.- Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública de educación superior que ten entre as súas funcións esenciais a formación avanzada, a investigación, a transferencia de coñecemento e a contribución ao desenvolvemento social e institucional de Galicia, desenvolvendo actividades docentes, investigadoras e de extensión universitaria en múltiples ámbitos do coñecemento.

Na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais impártese o Máster en Goberno Local e Políticas Innovadoras, título oficial orientado á formación especializada en administración local, gobernanza multinivel e innovación nas políticas públicas, sendo actualmente a Universidade de Santiago de Compostela a única institución do Sistema Universitario de Galicia que conta cun programa oficial de posgrao especificamente centrado neste ámbito.

O programa completo do máster recóllese no Anexo I do presente convenio.

II.- Que a Deputación Provincial da Coruña, no exercicio das súas competencias de cooperación e asistencia aos concellos da provincia, promove actuacións dirixidas ao fortalecemento institucional

das entidades locais, á mellora da capacitación do persoal técnico e político municipal e á promoción de iniciativas que contribúan á modernización da xestión pública e ao impulso da gobernanza local.

III.- Que ambas institucións comparten o interese común de impulsar accións formativas, académicas e de transferencia de coñecemento que favorezan o desenvolvemento das administracións locais da provincia da Coruña, así como a creación de espazos de análise, reflexión e intercambio de experiencias en materia de goberno local e políticas públicas innovadoras.

IV.- Que, co fin de avanzar nestes obxectivos comúns, ambas partes consideran de interese establecer un marco de colaboración institucional que permita apoiar a formación especializada a través do Máster en Goberno Local e Políticas Innovadoras e desenvolver actividades conxuntas de difusión e debate académico e institucional sobre os retos actuais do municipalismo.

V.- Que as actuacións previstas no presente convenio responden a un interese público compartido e serán desenvolvidas en réxime de colaboración institucional, mediante a achega de recursos económicos por parte da Deputación Provincial da Coruña e a contribución académica, institucional e material da Universidade de Santiago de Compostela.

A concesión da subvención foi aprobada por Resolución de Presidencia de data 30 de abril de 2026.

E, en virtude do exposto, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de actuacións conxuntas dirixidas ao impulso da formación especializada, á transferencia de coñecemento e á reflexión institucional en materia de goberno local e políticas públicas innovadoras.

No marco desta colaboración, as partes desenvolverán as seguintes actuacións:

a) O financiamento por parte da Deputación Provincial da Coruña de quince (15) bolsas de matrícula, destinadas ao alumnado do Máster en Goberno Local e Políticas Innovadoras da Universidade de Santiago de Compostela, correspondentes ao curso académico 2026-2027, co obxectivo de favorecer a capacitación avanzada do persoal técnico das administracións locais e de titulados e tituladas vinculados á provincia da Coruña.

As bolsas poderán cubrir ata o 100 % do importe da matrícula e distribuiranse do seguinte modo:

- Oito (8) bolsas destinadas a persoal técnico da Deputación Provincial da Coruña e dos concellos da provincia.
- Sete (7) bolsas destinadas a estudantes residentes na provincia da Coruña vinculados ao ámbito das Ciencias Políticas.

No suposto de que non se cubran na súa totalidade as bolsas destinadas a persoal técnico, as vacantes poderán incrementarse no número de bolsas destinadas ao alumnado.

A Universidade de Santiago de Compostela, en coordinación coa Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, será responsable da elaboración das bases reguladoras, da definición dos criterios de selección e da tramitación administrativa da convocatoria.

As persoas beneficiarias das bolsas seguirán o mesmo procedemento de selección que os demais candidatos que soliciten a súa matrícula no Máster, cuxo detalle se recolle no Anexo II do presente convenio.

b) A organización conxunta do Foro de Coñecemento e Innovación "Territorios que lideran: o futuro comeza no local", como espazo de encontro académico e institucional orientado á análise dos retos actuais do municipalismo, da gobernanza multinivel e da innovación nas administracións locais, cuxo desenvolvemento e estimación orzamentaria se recollen no Anexo III do presente convenio.

II.- Obrigas das partes

Co fin de acadar a finalidade expresada na cláusula anterior, as partes comprométese a realizar as seguintes actuacións:

Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a:

a) Xestionar a convocatoria e a tramitación administrativa das quince (15) bolsas de matrícula correspondentes ao Máster en Goberno Local e Políticas Innovadoras para o curso académico 2026-2027, incluíndo a elaboración das bases reguladoras, a verificación do cumprimento dos requisitos e a resolución do procedemento conforme á normativa universitaria aplicable.

b) Trasladar á deputación o listado provisional de persoas beneficiarias das bolsas cuxa matrícula vai a ser abonada por esta deputación para a súa aprobación.

c) Poñer á disposición os espazos e instalacións da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais necesarios para o desenvolvemento das actividades previstas no presente convenio, en particular para a celebración do Foro de Coñecemento e Innovación.

d) Achegar o aval académico e científico das actuacións desenvolvidas no marco do convenio, garantindo a súa coherencia coas actividades docentes, formativas e de transferencia de coñecemento da Universidade.

e) Colaborar na definición académica e na orientación xeral do Foro, facilitando a participación do profesorado e do estudiantado nas actividades programadas.

f) Colaborar na difusión institucional das actuacións obxecto do convenio a través das canles propias da Universidade de Santiago de Compostela.

Obrigas da Deputación Provincial da Coruña

A Deputación Provincial da Coruña comprométese a:

a) Financiar as quince (15) bolsas de matrícula do Máster en Goberno Local e Políticas Innovadoras correspondentes ao curso académico 2026-2027, nos termos establecidos no presente convenio.

b) Financiar os gastos necesarios para a organización e desenvolvemento do Foro de Coñecemento e Innovación "Territorios que lideran: o futuro comeza no local", incluíndo a secretaría técnica, coordinación operativa, medios técnicos, comunicación, desprazamentos, aloxamento e demais necesidades organizativas asociadas ao evento.

c) Colaborar na difusión institucional das actividades entre as entidades locais da provincia da Coruña e favorecer a participación do persoal técnico e representantes municipais.

d) Realizar o seguimento xeral das actuacións financiadas no marco do convenio, de acordo coas súas competencias.

e) Con carácter previo á apertura do prazo oficial de matrícula do máster na Universidade de Santiago de Compostela, difundir, en colaboración coa coordinación do Máster en Goberno Local e Políticas Innovadoras, a convocatoria das bolsas a través das canles e redes institucionais oficiais de ambas entidades, coa finalidade de garantir a súa adecuada publicidade.

III.- Dirección e definición das actuacións do Foro

Sen prexuízo do aval académico e da colaboración científica da Universidade de Santiago de Compostela, corresponderá á Deputación Provincial da Coruña a definición final da orientación institucional, dos contidos xerais, da programación e dos aspectos organizativos do Foro, en coherencia cos obxectivos do presente convenio e no ámbito das súas competencias.

Para estes efectos, a programación definitiva do Foro será validada pola Deputación Provincial da Coruña, en coordinación coa Universidade de Santiago de Compostela.

A organización do Foro desenvolverase conforme ao programa e contidos recollidos no Anexo I do presente convenio, que terá carácter orientativo.

IV.- Réxime económico

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no presente convenio, a Deputación Provincial da Coruña comprométese a achegar unha contía máxima de VINTE E NOVE MIL

CINCOCENTOS EUROS (29.500 €), destinada ao financiamento das actividades obxecto do convenio, distribuída do seguinte xeito:

- Financiamento de quince (15) bolsas de matrícula do Máster en Goberno Local e Políticas Innovadoras correspondentes ao curso académico 2026-2027: 8.500 €.
- Organización do Foro de Coñecemento e Innovación "Territorios que lideran: o futuro comeza no local": 21.000 €.

Pola súa parte, a Universidade de Santiago de Compostela contribuirá ao desenvolvemento das actuacións mediante a achega de medios propios de carácter material, técnico, académico e institucional, que resultan necesarios para a correcta execución do convenio e que inclúen, entre outros:

a) A posta á disposición dos espazos e instalacións da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, necesarios para a celebración do Foro e das actividades asociadas, incluíndo salóns de actos, aulas e demais dependencias universitarias precisas para o seu desenvolvemento.

b) A utilización dos servizos xerais universitarios asociados ao funcionamento ordinario das instalacións, tales como apertura e funcionamento do edificio, mantemento, limpeza, subministracións básicas e demais servizos estruturais necesarios para a realización das actividades, incluído o persoal de apoio e seguridade que presta servizo habitual nas instalacións universitarias.

c) A integración das actuacións previstas nas actividades académicas e de transferencia de coñecemento da Universidade, achegando o correspondente aval académico e institucional.

d) A colaboración na definición académica das actividades e na participación do profesorado e estudantado da Universidade.

e) A difusión institucional das actuacións a través das canles propias da Universidade de Santiago de Compostela.

Estas achegas realizaranse con medios propios da Universidade de Santiago de Compostela e non supoñen transferencia económica con cargo ao presente convenio, sen prexuízo do seu valor institucional e funcional para o cumprimento dos obxectivos establecidos.

V.- Financiamento

O financiamento das actuacións previstas no presente convenio realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 0612.3269.22609 do vixente orzamento da Deputación Provincial da Coruña, ata unha contía máxima de 29.500 €, conforme ao establecido na cláusula de réxime económico

VI.- Xustificación e réxime de pagamentos

A Universidade de Santiago de Compostela deberá xustificar o cumprimento das actuacións financiadas ao abeiro do presente convenio distinguindo, para estes efectos, entre as bolsas de matrícula e a organización do Foro de Coñecemento e Innovación.

No que respecta ás bolsas de matrícula do Máster en Goberno Local e Políticas Innovadoras, a xustificación deberá acreditar a súa efectiva concesión e formalización mediante certificación expedida pola Universidade na que conste a relación de persoas beneficiarias e o importe das matrículas subvencionadas. En todo caso, deberá quedar acreditada a execución da totalidade das bolsas previstas. No suposto de que non se cubra a totalidade das mesmas, a achega provincial reducirase proporcionalmente ao número de bolsas efectivamente concedidas.

En canto á organización do Foro de Coñecemento e Innovación "Territorios que lideran: o futuro comeza no local", a xustificación realizarase mediante a presentación dunha memoria xurídico-económica e técnica na que se poña de manifesto o cumprimento dos obxectivos previstos, o desenvolvemento das actuacións realizadas e os resultados acadados. Esta memoria deberá incorporar, así mesmo, unha relación detallada dos gastos efectuados, que deberán gardar correspondencia co orzamento recollido no Anexo III do presente convenio.

O importe do financiamento provincial do presente convenio coa Universidade de Santiago de Compostela farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/22609, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito suficiente. O pagamento realizarase nun único aboamento, unha vez xustificado o conxunto das actuacións previstas nos termos establecidos nos parágrafos anteriores.

VII.- Publicidade das actuacións

Toda publicidade, convocatoria, documentación ou acción de difusión relacionada coas actuacións desenvolvidas no marco do presente convenio deberá incluír a mención expresa: «Actividade organizada coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña», incorporando igualmente a imaxe institucional da Deputación conforme ás normas de identidade corporativa vixentes.

VIII.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución e extinción.

IX.- Seguimento

Co fin de garantir o adecuado desenvolvemento, seguimento, vixilancia e control da execución do presente convenio, créase unha Comisión de Seguimento.

A Comisión de Seguimento estará integrada por:

- Dúas persoas representantes da Deputación Provincial da Coruña, designadas polo servizo competente en materia obxecto do convenio.
- Dúas persoas representantes da Universidade de Santiago de Compostela, correspondendo unha delas ao/á Decano/a da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, ou persoa en quen delegue.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Supervisar o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio.
- b) Resolver as dúbidas de interpretación e as incidencias que poidan xurdir na súa execución.
- c) Coordinar as actuacións necesarias para o correcto cumprimento dos compromisos asumidos polas partes.
- d) Propoñer, se é o caso, medidas de mellora para o adecuado desenvolvemento das actividades.

A Comisión reunirse cando así o solicite calquera das partes e, en todo caso, cando resulte necesario para o cumprimento das funcións anteriormente sinaladas.

X.- Protección de datos

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, así como da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a Deputación da Coruña e a USC actuarán como responsables do tratamento dos datos derivados deste convenio, cada unha no ámbito das súas funcións respectivas.

XI.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 30 de setembro de 2027, período no que deberán executarse as actuacións previstas e realizarse a súa correspondente xustificación.

En calquera momento, e por acordo expreso de ambas as partes, o convenio poderá ser modificado por causa debidamente xustificada, sempre que non se altere o seu obxecto nin o orzamento de gastos.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A REITORA DA UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo. Valentín González Formoso

Asdo. Rosa Crujeiras Casais

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. Miguel Iglesias Martínez

ANEXO I – PROGRAMA MASTER EN GOBERNO LOCAL E POLÍTICAS PÚBLICAS INNOVADORAS

O Máster en Goberno Local e Políticas Públicas Innovadoras da USC busca dar resposta a unha crecente demanda de formación especializada en xestión local. Os gobernos locais levan anos incidindo na necesidade de contar con persoal especializado para poder abordar os novos retos, entre os cales destacan o proceso de modernización e de cambio acelerado no que ditas Administracións están inmersas, no seu esforzo por ser máis eficientes, máis eficaces e máis próximas á cidadanía. Trátase de necesidades formativas clave, como a xestión e liderado da gobernanza multinivel, a participación e innovación democrática, o desenvolvemento de políticas locais innovadoras, a aplicación de novas tecnoloxías á prestación de servizos públicos, a innovación en materia de xestión orzamentaria e de recursos humanos, a planificación estratéxica ou a xestión de proxectos e captación de fondos, ás cales, entre outras, pretende dar resposta este título. O mestrado impártese na modalidade presencial e consta de 60 créditos ECTS, ofrecendo unha formación troncal común e a posibilidade de escoller entre dous itinerarios.

SOBRE O PLAN DE ESTUDOS

- **MATERIAS OBRIGATORIAS COMÚNS:** o alumnado debe matricularse obrigatoriamente en todas as materias obrigatorias comúns (24 créditos)
 3. P3451101- Organización do goberno e da administración local (3 créditos)
 4. P3451102- Procedemento administrativo e contratación pública (6 créditos)
 5. P3451103- Facendas Locais e xestión orzamentaria (6 créditos)
 6. P3451104- Goberno local e innovación democrática (6 créditos)
 7. P3451105- Políticas sociais innovadoras e Axenda 2029 (3 créditos)

- **MATERIAS OBRIGATORIAS ITINERARIO :** o alumnado debe matricularvos **obrigatoriamente** en todas as materias dun dos dous itinerarios existentes (9 créditos). É dicir, para obter o título, o alumnado debe cursar un dos seguintes itinerario de forma completa.
 - **Itinerario Profesional: Gobernos Locais Especializados: políticas públicas, innovación e territorios sustentables**
 - P3451201-Planificación estratéxica no ámbito local (3 créditos)
 - P3451202-Deseño e marketing de servizos públicos (3 créditos)
 - P3451203-Liderado e habilidades directivas (3 créditos)

 - **Itinerario Investigador: Institucións e Políticas locais**
 - P3451204- Análise de políticas públicas (3 créditos)
 - P3451205-Técnicas de investigación aplicada (3 créditos)
 - P3451206-Avaliación de políticas públicas e control de xestión (3 créditos)

- **MATERIAS OPTATIVAS:** o alumnado debe matricularse obrigatoriamente en catro materias optativas (12 créditos).

- P3451207- Economía social e promoción económica (3 créditos)
- P3451208-Función pública e xestión de recursos humanos (3 créditos)
- P3451209- Territorio, usos e servizos urbanos (3 créditos)
- P3451210-Deseño e xestión de proxectos e captación de fondos doutras administracións públicas (3 créditos)
- P3451211 - Análise e interpretación de datos cuantitativos (3 créditos)
- P3451212- Transversalidade e políticas de igualdade (3 créditos)
- P3451213- Goberno aberto e administración electrónica (3 créditos)
- P3451214 -Novas tecnoloxías aplicadas á xestión dos servizos locais (3 créditos)

O alumnado tamén poden escoller como materias optativas algunha das materias do itinerario que non elixiu como obrigatorio (por exemplo, se escolleron o itinerario investigador, poderían tamén escoller como materias optativas algunha das do outro itinerario).

- **PRÁCTICAS PROFESIONAIS EXTERNAS** (9 créditos): a USC ten convenio con diversas administracións, ONGs, consultarías e grupos de investigación para a realización das prácticas. Aquel alumnado que teña experiencia profesional vencellada coas políticas públicas e/ou os gobernos locais pode convalidar a materia de prácticas.
- **TRABALLO DE FIN DE MASTER (TFM)** (6 créditos): unha achega orixinal, autónoma e individual de cada estudante, baixo a supervisión dun titor/a, que consiste na elaboración dun traballo no que se acrediten os coñecementos e destrezas adquiridas durante os estudos realizados na titulación. Deberá presentarse ante un tribunal.

Pode consultarse esta información na web: [Consúltase : Máster Universitario en Gobierno Local y Políticas Públicas Innovadoras | Universidade de Santiago de Compostela](#)

PRAZAS OFERTADAS

Cada curso académico este mestrado oferta 25 prazas, das cales 5 resérvanse para o alumnado alleo ao Espazo Europeo de Educación Superior a través dunha convocatoria anticipada.

IMPARTICIÓN E DURACIÓN

O mestrado impártase en modalidade presencial e a súa duración é dun curso académico -entre setembro e xullo -. As clases desenvólvense de luns a venres en horario de mañá (entre as 10:00h e as 14:15h). Ofértanse catro prazas para cursar o mestrado a tempo parcial.

A QUEN VAI DIRIXIDO

O mestrado está dirixido fundamentalmente a tres tipos de público:

- **Alumando xa graduado** que desexe especializarse no ámbito de actuación dos gobernos e administracións locais, ben para orientar a súa práctica profesional cara este nivel de goberno ben para iniciar a súa carreira académica e focalizar a súa liña de investigación no eido das políticas públicas e/ou dos gobernos locais.
- **Representantes políticos/as e profesionais do ámbito local:** alcaldes/as, concelleiros/as, altos directivos, funcionariado, profesionais e persoal técnico dos concellos, das organizacións non-gobernamentais e de todas as entidades sociais que participan e colaboran cos gobernos locais no desenvolvemento dos seus territorios e na promoción do benestar das súas comunidades.
- **Profesionais do sector privado** -consultaría e provedores de servizos destinados ao ámbito local- que traballan directamente cos municipios.

ORGANIZACIÓN MASTER

COMISIÓN ACADÉMICA DO	Preside: Decana Marta Lois González
-----------------------	-------------------------------------

MASTER	Integrantes: Ramón Bouzas, Natalia Paleo, Isabel Diz, José Caamaño, Rubén Lois, Damaris Cuadrado, Bran Barral, Andrés Cernadas, Denís Fernández (+ 2 estudantes que se incorporan cada curso académico)
COORDINADORA DO MASTER:	Natalia Paleo Mosquera (natalia.paleo.mosquera@usc.es)
RESPONSABLE DO PROGRAMA DE PRÁCTICAS	Bran Barral (bran.barral.buceta@usc.es)

WEB DO MÁSTER: <https://masterusc.com>

PROFESORADO DO MASTER:

MATERIA	PROFESOR/A	DEPARTAMENTO/ÁREA DE COÑECEMENTO
Organización do goberno e da administración local	Marta Irene Lois González	Ciencia Política e da Administración
Procedemento administrativo e contratación pública	Víctor Hugo Martínez Ballesteros	Economía Aplicada
	José Manuel Carnota García	
	Luís Míguez	Dereito Público e teoría do Estado
Facendas Locais e xestión orzamentaria	Jose Caamaño Alegre	Economía aplicada
	Xoaquín María Fernández Leiceaga	
	Francisco Jesús Ferreiro Seoane	
Goberno local e innovación democrática	Marta Irene Lois González	Ciencia Política e da Administración
Políticas sociais innovadoras e Axenda 2020	Isabel Diz Otero	Ciencia Política e da Administración
Planificación estratéxica no ámbito local	Rubén Lois	Análise Xeográfica Rexional
Deseño e marketing de servizos públicos	Ramón Ángel Bouzas Lorenzo	Ciencia Política e da Administración
Liderado e habilidades directivas	Damaris Cuadrado González	Psicoloxía Organizacional e Xurídico-Forense

Análise de políticas públicas	Natalia Paleo Mosquera	Ciencia Política e da Administración
Técnicas de investigación aplicada	Carlos Lubián Graña	Socioloxía
	Ignacio Elpidio Domínguez Ruiz	
Avaliación de políticas públicas e control de xestión	Andrés Cernadas Ramos	Ciencia Política e da Administración
	Jose Caamaño Alegre	Economía Aplicada
Economía social e promoción económica	Francisco J. Sanjiao Otero	Economía Aplicada
	Francisco Jesús Ferreiro Seoane	
Función pública e xestión de recursos humanos	Alfonso Antonio López Rodríguez	Ciencia Política e da Administración
	Andrea Garrido Juncal	Dereito Público e teoría do Estado
Territorio, usos e servizos urbanos	María José Piñeira Mantiñan	Análise Xeográfica Rexional
Deseño e xestión de proxectos e captación de fondos doutras administracións públicas	Alfonso Antonio López Rodríguez	Ciencia Política e da Administración
Análise e interpretación de datos cuantitativos	Bran Barral Buceta	Socioloxía
	Francisco Eduardo Haz Gómez	
Transversalidade e políticas de igualdade	Natalia Paleo Mosquera	Ciencia Política e da Administración
Goberno aberto e administración electrónica	Alba Alonso	Ciencia Política e da Administración
Novas tecnoloxías aplicadas á xestión dos servizos locais	Jesús Manuel Benitez Baleato	Ciencia Política e da Administración
	Andrei Quintiá	Dereito Público e teoría do Estado

ANEXO II- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN DAS PERSOAS BOLSEIRAS

As persoas beneficiarias das bolsas seguirán o mesmo procedemento de selección que os demais candidatos/as que soliciten a súa matrícula no Máster Gobernos Locais e Políticas Innovadoras


Serán beneficiarias das bolsas aquelas persoas da provincia da Coruña que resulten admitidas no Máster en Gobernos Locais e Políticas Innovadoras, de acordo cos criterios de selección establecidos na memoria oficial do título.

Os criterios de selección aplicables serán os seguintes:

- Expediente académico: 60 %
- Experiencia laboral: 20 %
- Entrevista persoal (no caso de que a comisión académica o considere necesario): 20 %

No suposto de que non se estime procedente a realización da entrevista persoal, a puntuación total recalculárase sobre os dous primeiros criterios, cun máximo de 80 puntos, mantendo en todo caso a proporcionalidade das súas respectivas ponderacións.

En situación de igualdade de condicións entre as persoas candidatas, darase prioridade, en primeiro lugar, ás tituladas e titulados nas ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Humanidades e, en segundo lugar, atenderase á orde de inscrición.

A large, stylized handwritten signature in blue ink, consisting of several sweeping, interconnected strokes.

ANEXO III - Foro de Coñecemento e Innovación: Territorios que lideran: o futuro comeza no local

Lugar: Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC
Data: setembro de 2026

ÍNDICE

1. Xustificación e obxectivos
2. Localización e datas
3. Participación institucional destacada
4. Programa e mesas temáticas
5. Resultados agardados
6. Estimación orzamentaria

1. Xustificación e obxectivos

Os concellos e as entidades locais son o primeiro nivel de relación coa cidadanía. A súa capacidade para transformar, innovar e dar resposta inmediata ás necesidades da veciñanza converte o ámbito municipal nun motor clave do desenvolvemento territorial.

Os concellos e as deputacións son actores fundamentais na construción de territorios cohesionados, sostibles e con capacidade de innovación. O Foro Territorios que lideran: o futuro comeza no local pretende reforzar o papel das entidades locais e consolidar unha axenda compartida de transformación local.

A Deputación da Coruña aposta así por crear un espazo institucional e académico de intercambio e diálogo que visibilice o papel das alcaldías e das deputacións e que contribúa a fomentar unha visión moderna da gobernanza local.

Obxectivos:

- Poner en valor o liderado dos alcaldes, alcaldesas e equipos municipais e das deputacións.
- Compartir boas prácticas e experiencias de éxito no ámbito local.
- Debater sobre innovación democrática, proximidade e novos modelos de xestión municipal.
- Crear redes de colaboración entre concellos da Coruña e doutros territorios.
- Apostar pola profesionalización e modernización da administración local.
- Recoñecer a importancia do enfoque *glo-local* e do papel do ámbito local na gobernanza global.

2. Localización e datas

Lugar: Santiago de Compostela (Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC)

Duración: 2 días

Datas suxeridas: setembro de 2026

Perfil das persoas asistentes:

- Alcaldes e alcaldesas da provincia da Coruña.
- Persoas expertas en administración local, financiamento municipal e innovación pública.
- Responsables políticos de deputacións ou gobernos locais de referencia.
- Estudantado universitario de Ciencias Políticas e Sociais.

3. Participación institucional destacada

- Valentín González Formoso – Presidente da Deputación da Coruña.
- Alberto Varela Paz – Presidente da FEGAMP / Alcalde de Vilagarcía de Arousa.
- María José García-Pelayo – Presidenta da FEMP / Alcaldesa de Jerez de la Frontera.

4. Programa e mesas temáticas (provisional)

Día 1 – A proximidade como motor de transformación

09:30 – 10:00 Acreditación e benvida institucional

10:00 – 10:30 Inauguración oficial - Presidencia da Deputación da Coruña, Reitor/a da USC e Decana da Facultade de Ciencias Políticas.

10:30 – 11:15 Conferencia inaugural (por determinar)

Opcións:

- Joan Subirats, catedrático de Ciencia Política da UAB e exministro de Universidades. *Título: «O poder do próximo. O local como motor de cambio no século XXI».*

Outras posibles opcións:

- Anne Hidalgo, alcaldesa de París (presencial ou virtual).
- Francesca Briá, líder do proxecto DECODE e directora de programas internacionais de innovación.

11:15 – 12:00 Café networking

12:00 – 13:00 Mesa redonda 1: A innovación democrática a nivel local: retos e oportunidades.

13:00 – 14:00 Mesa redonda 2: Papel das deputacións no século XXI (Deputación + FEGAMP + FEMP)

14:00 – 16:30 Pausa xantar

17:00 – 18:30 Ponencia: *Alcaldesas e teito de cristal. Desafíos no acceso e no liderado local.*

Día 2 – Cara a un novo modelo de gobernanza local

09:00 – 09:30 Café de benvida

09:30 – 11:00 Mesa redonda 3: Cooperación intermunicipal e reforma da planta local

11:00 – 12:30 Mesa redonda 4: Concello aberto: participación cidadá e transparencia

12:30 – 12:45 Pausa

12:45 – 14:00 Conversa a dúas voces: O futuro do municipalismo en Galicia

14:00 Clausura institucional

5. Resultados agardados

- Visibilización do traballo das alcaldías, deputacións e das boas prácticas municipais.
- Mellora das capacidades de liderado político e técnico.
- Posible publicación dos contidos do Foro.

6. Estimación orzamentaria

Concepto	Importe
Secretaría técnica	2.500 €
Son, iluminación e medios técnicos	3.000 €
Deseño gráfico, identidade visual, materiais e programa	2.000 €
Comunicación, redes e gabinete de prensa	2.000 €
Viaxes, aloxamento e honorarios de poñentes invitados (6-7 persoas)	8.000 €
Catering (2 cafés día 1, 1 café día 2)	1.500 €
Equipo de coordinación académica-técnica	2.000 €
Total estimado	21.000 €

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

The image shows three distinct blue ink signatures or marks. The first on the left is a stylized, circular signature. The middle one is a long, sweeping signature that extends across the width of the page. The third on the right is a large, bold 'X' mark.